

El Progreso

Galiciae

Marica Campo: "O Val do Mao era o espazo para a liberdade"

Etiquetas: Val do Mao, entrevista, O Incio, Marica Campo

L. D. V. / El Progreso (Lugo). O Incio é o concello escollido pola propia autora para a homenaxe que recibirá en xuño da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, ao lle conceder a súa letra E. Alí naceu Marica Campo.

«Nacín no Val do Mao, no concello do Incio, ao Sur de Lugo, e alí pasei os meus primeiros anos». Así comeza un texto autobiográfico da escritora Marica Campo que será homenaxeada na súa terra do Incio pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), ao lle conceder a súa letra E.

O Incio é o concello escollido pola propia Marica Campo para que os seus compañeiros e compañeiras das letras lle rendan homenaxe, outorgándolle a letra E que vencella a quen recibe o tributo coa súa terra. Alí naceu Marica Campo e alí volvía nos inesquecibles veráns no Val do Mao.

Marica Campo é autora de obras poéticas como 'Tras as portas do rostro' ou 'Pedinche luz prestada', así como de pezas teatrais como 'Confusión de María Balteira' ou 'O Premexentes non pode cos paxaros rebezos'. No tocante á narrativa, a súa obra máis coñecida é 'Confusión e morte de María Balteira'.

Que supón para vostede este recoñecemento?

Tendo en conta que é un premio concedido polos compañeiros e compañeiras, adquire moita relevancia. Ademais, na votación tivo moito peso a xente nova que está empezando. E o feito de ser entregado na propia terra fai que teña unha resonancia afectiva moito maior.

Que agarda deste día?

Desexo que non me venza a emoción e manterme enteira. Agardo ser quen de saber agradecer este galardón e facerme merecente del.

27/03/2013